

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA
PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A
MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA
ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO QUE SE DESPRENDEN DA
CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXIANCIA NOS EDIFICIOS MUNICIPAIS.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 15-2024, por un importe total de 15.790,70 €, dentro do vixente orzamento do exercizo 2024, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico que se desprenden da contratación do servizo de vixianza e control de accesos nos edificios públicos: Casa Consistorial e Centro de Servizos Municipais da Ronda da Muralla, ao estar en trámite un novo prego conxunto no que se pretende homoxeneizar a prestación deste servizo para os distintos servizos municipais (CEI NODUS, Fogar do Transeúnte, Centros de Convivencia municipais, Parque da Milagrosa...) e vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral, solicítase a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

Visto igualmente o informe que consta no expediente tramitado para ao efecto, da Intervención Xeral Municipal Ref: 2024/631, de 06.05.2024, que recollía unha observación relativa á xustificación da necesidade imprescindible de levar a cabo o gasto para o que se propón a modificación, circunstancia que se cumpre no presente caso.

Visto igualmente os documentos RCMOD núm.: 30936/2024, por importe de 7.137,76 €, 30937/2024, por importe de 3.398,16 €, 30938/2024, por importe de 4.716,84 €, 30939/2024, por importe de 537,94 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 15.790,70 € para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓN S QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓN S QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>
92002.12002 92002.12100 92002.12101 92002.12006	7.137,76 3.398,16 4.716,84 537,94	93301.22701	15.790,70€
<u>TOTAL CRÉDITO CEDIDO</u>	<u>15.790,70€</u>	<u>TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO</u>	<u>15.790,70€</u>

Firmado por: ***539*** - MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO (FECHA: 2024-05-06 13:55:38.00)
CVD: jivGMGLy1+aHdqRpSti
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
Nº de decreto/resolución: 4193/2024

INTERVENCIÓN

LVP/mjlc

Refª: ispac4457985492129943698.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 15-2024 Servizo de Vixiancia

SEGUNDO. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.